



XUNTA  
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN  
SECUNDARIA JOHAN  
CARBALLEIRA



## Oferta educativa do centro para persoas adultas

### OBTENCIÓN DO GRADUADO EN ESO

Pódese completar nun ano académico. Permite a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria, necesario para acceder aos Ciclos Formativos de Grao Medio e Bacharelato. Horarios de tarde.

#### **Modalidade Presencial:**

Módulo 3º ESA, meses de setembro – febreiro

Módulo 4º ESA, meses de febreiro – xuño

### BACHARELATO

Pódese completar en dous anos académicos. Permite a obtención do título de Graduado en Bacharelato, necesario para acceder á Universidade e aos Ciclos Formativos de Grado Superior. Horarios de tarde.

#### **Modalidade Presencial:**

Ciencias e tecnoloxía

Humanidades e Ciencias Sociais

RESUMO



XUNTA  
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN  
SECUNDARIA JOHAN  
CARBALLEIRA



# MARCO LEGAL

A nosa oferta está pensada para todas as persoas maiores de 18 anos, en especial para aqueles que abandonaron o sistema educativo ordinario sen unha titulación básica e queren adquirila ou ben actualizala e acceder a outros niveis. É unha oferta gratuíta e de calidade: todo o profesorado pertence aos corpos docentes de Secundaria e Catedráticos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

En Galicia, con competencias plenas para o regulamento e administración do ensino, elabórase A Lei 9/1992, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos da comunidade autónoma de Galicia, que define no seu **artigo 1**: *“a educación e promoción de adultos como un conxunto de accións de carácter educativo, cultural, social e profesional orientado a lles proporcionar a todos os residentes no territorio de Galicia que superaron a idade de escolaridade obrigatoria o acceso, de forma gratuíta e permanente, á súa formación persoal, así como a ámbitos de formación ligados a niveis educativos superiores”*. Tamén no seu artigo 16 establece que a educación e promoción de adultos adoptará as seguintes modalidades: presencial, semipresencial e a distancia.

No IES Johan Carballreira optouse pola modalidade **PRESENCIAL**.



XUNTA  
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN  
SECUNDARIA JOHAN  
CARBALLEIRA



ESA

A Educación Secundaria para persoas Adultas (ESA) é equivalente á Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) que os rapaces cursan no ensino ordinario, aínda que mostra diferenzas na organización dos contidos e na distribución do tempo de estudo. É un ensino gratuíto con clases diarias polas tardes e con proceso de avaliación continua no seguimento do alumnado. Todos os exames fanse no propio centro e non se require, como na modalidade a distancia, de desplazamentos a Santiago de Compostela.

### **Validez académica**

Expedirase o *título de Graduado en Educación Secundaria* a todas aquelas persoas que acaden os obxectivos xerais establecidos. Esta titulación permite:

Cursar F.P. de grao medio.

Cursar Bacharelato.

Acceder ao mundo laboral.

Cando non se rematen os estudos correspondentes á Educación Secundaria, a dirección do centro emitirá unha certificación onde consten os módulos cursados e as cualificacións obtidas. Isto permite retomar os estudos máis adiante.



XUNTA  
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN  
SECUNDARIA JOHAN  
CARBALLEIRA



# BACHARELATO

Neste centro ofértanse, para persoas adultas e de forma presencial, dúas modalidades do bacharelato: "Ciencias e Tecnoloxia" e "Humanidades e Ciencias Sociais".

En todos os aspectos xerais este bacharelato ten a mesma organización que o bacharelato ordinario: estruturado en dous cursos, tres tipos de materias (comúns, de modalidade e optativas) e mesmos contidos básicos.

A avaliación é continua, pero o centro establece un calendario oficial de exames ordinarios e finais.

O bacharelato pode realizarse, con carácter xeral, en dous cursos académicos, aínda que na modalidade presencial se establece un límite de 6 anos de permanencia. A partir dese límite a opción da matrícula na modalidade semipresencial e a distancia sempre sería aberta.

## **Validez académica**

O alumnado que lograr avaliación positiva en todas as materias do itinerario formativo escollido obterá o Título de Bacharel na modalidade correspondente. O título de Bacharel dá acceso a:

F. P. de grao superior.

Universidade.

Mundo laboral.

Cando non se rematen os estudos correspondentes, a dirección do centro emitirá unha acreditación onde consten as materias cursadas e a cualificación obtida. Isto permite retomar os estudos máis adiante.



XUNTA  
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN  
SECUNDARIA JOHAN  
CARBALLEIRA



# TEÑA CLARO QUE SI. A EDUCACIÓN PARA ADULTOS É **PERMANENTE**

Pero para determinar o oco exacto para vostede é mellor que acuda ao propio instituto xa que debido á diversidade de plans de estudos e ás posibles opcións cursadas con anterioridade, é complicado establecer unha norma xeral.

Veña porque **estaremos encantadas de poderlle asesorar.**

[Guía para a matriculación en Bacharelato para persoas adultas](#)

[Relación de preguntas máis frecuentes sobre as ensinanzas para persoas adultas](#)

PODO ACCEDER?